

### **Obxectivos e Criterios de avaliación**

Achegamento teórico e práctico á disciplina científica psicolóxica.

Toma de contacto con teorías que antecederon a psicoloxía científica e o seu impacto na cultura occidental como modo de comprender a historia recente cultural e ofrecer un paradigma alternativo á hora de interpretar a vida psíquica.

Analizar a natureza da conduta humana a través da conexión coa súa dimensión psico social, valorando os experimentos clásicos da psicoloxía social e poñelos en conexión con problemáticas conectadas coa vida do alumnado.

Conceptualizar a enfermidade mental desde un paradigma científico mais tamén humanista a través do coñecemento da historia da percepción social da enfermidade mental e do seu tratamento.

Comprender e valorar o impacto psicolóxico e social que o consumo de pornografía está a ter sobre as novas xeracións e a súa conexión con problemas psico condutuais actuais.

Reflexionar e dialogar sobre a cuestión da perda afectiva e do dó para poñela en conexión coas súas experiencias persoais e contribuír á comprensión do fenómeno psíquico para previr as súas consecuencias indesexables.

Comprender e achegarse dun modo teórico e práctico á realidade da diversidade e en particular da diversidade funcional a través de experiencias de colaboración con entidades locais ou comarcais.

Coñecer e distinguir as emocións e reflexionar de modo práctico sobre o peso que estas teñen na conformación da percepción, actitude, conduta e personalidade do individuo.

Tomar contacto coas temáticas xerais da psicoloxía que teñan un especial interese para o alumnado, tales como as teorías sobre a personalidade, a motivación, a aprendizaxe ou mesmo cuestións relacionadas cos coñecementos científicos sobre a percepción humana.

Participar de modo directo con entidades locais adicadas ao coidado e á estimulación activa de persoas maiores como maneira de comprender as súas particularidades, os puntos de conexión afectiva e estimular a creación de dinámicas fomenten a estimulación e participación do grupo.

Crear experiencias educativas que poidan servir para comprender a realidade psicosocial das persoas recluídas en centros penitenciarios como modo de previr condutas adictivas e estimular o coñecemento das causas psicosociais dos fenómenos da delincuencia, a marxinalidade e a súa vinculación co consumo de drogas.

Crear situacións educativas que permitan o contacto con persoas profesionais adicadas dun modo directo a campos relacionadas coa intervención terapéutica ou asistencial de carácter

psicológico, pedagógico ou social: membros do departamento de Orientación do centro, profesionais do ámbito local adicados á psicoloxía clínica ou á educación social como modo de fomentar o interese sobre a disciplina e a orientación académica e profesional futura do alumnado.

### **Materiais e recursos didácticos**

Aula virtual (tarefas individuais e grupais)

Artigos, videos e titoriais de apoio para a realización das tarefas.

Webgrafía.

Apuntamentos e presentación de aula.

Experiencias educativas en institucións (Centro de Día)

### **Criterios de cualificación**

A cualificación de cada avaliación parcial terá como resultado a media aritmética das cualificacións de cada unidade didáctica determinada pola aplicación dos instrumentos de avaliación referidos. Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo será:

-Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.

-Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5. Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores. A cualificación da avaliación ordinaria calcularase como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais sen aplicar o redondeo. Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, o redondeo será:

-Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.

-Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

### **Criterios de recuperación**

Calquer actividade ou proba que se realice e non obteña a cualificación mínima de 5 poderá ser repetida e/ou revisada en cada trimestre. No caso de que a media aritmética das puntuacións obtidas en cada avaliación sexa inferior a 5, o alumnado poderá realizar unha proba de recuperación final baseada nos criterios mínimos contidos na programación. O alumnado que non acade a nota mínima final nas convocatorias ordinarias poderá asistir ás sesións de preparación da proba extraordinaria do mes de xuño.